

DECRETO

Na Casa Consistorial de Oleiros, o Sr. Alcalde-Presidente, ÁNGEL GARCÍA SEOANE, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

RESULTANDO que se emitiu informe pola Técnica de Administración Especial de Urbanismo o 20 de xaneiro de 2021, do teor literal seguinte:

“Na actualidade no departamento de urbanismo, no que se tramitan os expedientes de tallas de arboredos, hai acumulados varios expedientes en tramitación, moitos dos cales son de tallas de arboredo que pola aplicación da normativa sectorial e urbanística, están sometidas ao réxime de comunicación previa. Nestes casos, transcorridos 15 días dende a presentación da comunicación previa sen que se teña notificado requirimento de corrección, hai título habilitante para executar as labores de talla.

Dada a actual carga de traballo nesta materia e o persoal do que se dispoñe, o prazo de 15 días non é suficiente para realizar unha comprobación da adecuación da documentación presentada e conformidade da propia talla proposta, o que pode orixinar a execución de tallas que non se axustan á normativa vixente, no caso de que se realice a talla transcorrido dito prazo de 15 días.

O artigo 11 da ordenanza municipal reguladora de plantacións e tallas de masas forestais, conservación e fomento de especies autóctonas, relativo ao réxime de licenza e comunicacións previa nas talas, establece no seu parágrafo segundo:

“... A comunicación previa será efectiva unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a súa presentación. Por motivos de acumulación de traballo poderase prorrogar o prazo de 20 días hábiles notificándose ao solicitante a resolución municipal que así o autorice (artigo 23 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común e das administracións públicas...”.

En consecuencia co exposto, procede ampliar o prazo de eficacia das comunicacións previas de tallas a 20 días hábiles dende a súa presentación, debéndose efectuar publicación da resolución que se dite na páxina web municipal e no Boletín oficial da Provincia (BOP), así como notificación persoal aos titulares de expedientes de comunicación previa presentados nos que aínda non ten transcorrido o prazo de 15 días para a adquisición de eficacia.

Os acordos de ampliacións de prazos non son susceptibles de recurso algún.”

Por todo o que, en uso das facultades outorgadas pola lei, **RESOLVO**:





**CONCELLO
DE OLEIROS**

Primeiro: Ampliar o prazo de eficacia das comunicacións previas de tallas a 20 días hábiles dende a súa presentación.

Segundo: Efectuar publicación do acordo de ampliación na páxina web municipal e no Boletín oficial da Provincia (BOP).

Terceiro: Notificar aos titulares de expedientes de comunicación previa presentados nos que aínda non ten transcorrido o prazo de 15 días para adquisición de eficacia.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

